

Supervisan os traballos de saneamento no barrio de Lousado en Borreiros. #Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 14 Agosto 2015 20:16



O alcalde Francisco Ferreira e mais a responsable de Vías e Obras, visitaron este venres o barrio de Lousado onde se está a levar adiante traballos de saneamento.

"Unha obra que os veciños esperan dende hai tempo", sinala o alcalde. Engade que espérase ter as mesmas rematadas en dúas semanas. "Esperemos que estean acabadas e o saneamento dando servizo a máis de quince familias", sinala Ferreira.